Descargar audio

//Afundación
Obra Social ABANCA

Ricardo, Corazón de Lapis

O cabaleiro da orde das letras galegas

Un conto da Área Educativa de Afundación para que os maiores llelo lean aos pequenos da casa e os que xa non son pequenos o lean pola súa conta.

Esta é a historia dun neno que se converteu nun cabaleiro.

Contan, os que o coñeceron, que era coma un superheroe, pois era capaz co seu lapis de facer auténtica maxia creadora.

Ricardo era capaz de escribir fermosos poemas, traducir grandes obras literarias, debuxar marabillosos mapas, estudar para ser moito máis listo e ensinarlles teatro aos nenos...

Cantas cousas era capaz de facer Ricardo, Corazón de Lapis! A cousa é que nunca cansaba...

Hai quen dicía que o seu lapis era, en realidade, unha variña máxica... Pero non! Era un lapis normal e corrente... dos da libraría de toda a vida e, ademais, estaba todo rillado e era do máis cativo de tanto quitarlle a punta...

Carlos Maside
Corrillo baixo o paraugas
Colección de Arte Afundación



Outros, en cambio, murmuraban que fixera un pauto co diaño e este concedíalle o poder da maxia creadora, por iso nunca se cansaba de crear... Pero tampouco...

Ricardo, Corazón de Lapis non era de alternar nin con demos nin con anxos...

Unha bonita mañá, Ricardo Corazón de Lapis estaba escribindo un fermoso poema... De súpeto, alguén moi apurado chamou á porta da súa casa...

—Pum! Pum! Pum! Ricardo! Ricardo! Abre a porta!...

Ricardo, moi azorado, abriu a porta e entrou un soldado. Estaba suando, nervioso e levaba un fermoso mapa antigo nas mans.

Urbano Lugrís
Galicia
ABANCA Colección de Arte

O soldado, case sen aire dixo:

—Ricardo, atopei o mapa dun tesouro, baixo unha pedra, alá no campo... pero no son quen de entendelo. Ti, que es un home de letras poderías ensinarme a comprendelo?

Ricardo, pensativo e moi calmado, pechou a porta e sentou xunto ao soldado observando o mapa do tesouro... Levaba xa un intre enfrascado, cando, de súpeto...

—Pum! Pum! Pum! Ricardo! Ricardo! Abre a porta!...

Ricardo, moi azorado, abriu a porta e entrou o capitán dun barco. Estaba suando, nervioso e levaba un fermoso mapa antigo nas mans. Un mapa igualiño, igualiño ca o que trouxera había un anaco, o soldado...

Urbano Lugrís
Fantasía marinera
Colección de Arte Afundación

—Onde atopaches o mapa? —preguntou Ricardo.

—No mar, dentro dunha botella de cristal —respondeu o capitán.

Ricardo estaba estrañado... como era posible que dúas persoas atopasen, á vez, dous mapas antigos igualiños, e en lugares diferentes? Que misterio sería este?

O soldado e mais o capitán querían que Ricardo Corazón os axudase a descifrar o mapa do tesouro. Ambos eran antigos amigos de Ricardo, o soldado de cando loitou na guerra e o capitán de cando o seu pai se dedicaba a levar e traer mercadorías nos barcos.

Pero Ricardo estaba moi estrañado... así que quedou cos mapas e enviou os dous homes

para as súas casas coa promesa de facer todo o posible para descifralo.

Aquela noite, Ricardo, Corazón de Lapis, colleu a lupa e mais o lapis e intentou trazar o camiño que marcaba o mapa do tesouro.

Ricardo, en canto estivo un bo anaco diante do mapa, soubo que era un mapa moi antigo, pois falaba dun reino que unía a Galiza e Portugal, e a el gustábanlle moito eses mapas que facían irmáns os galegos e os portugueses.

Ademais, estaba cheo de lendas e historias mariñas coma se fosen contos pintados, con sereas, monstros e ata rosas dos ventos, desas, que só saben ler os mariñeiros.

Pero o mapa... tiña un problema, xusto onde se sinalaba a aparición do tesouro, tiña unhas le-

tras medio borradas que non podían descifrar. Era algo así como

Para atopar o cofre,
Deberás dirixirte o ...ofre...

Quen sería ese tal *...ofre?*

Sería a casa de On*ofre,* o zapateiro?

Sería na igrexa, xunto no lugar das *Ofre*–ndas?

Un momento! De repente, o seu lapis rillado fixo un *J,* e a palabra cobrou sentido. Claro! era no Jofre! En Ferrol.

Ricardo, Corazón de Lapis, saltou de alegría. O teatro Jofre era o teatro que máis lle gustaba do mundo, o lugar onde coñeceu o teatro de neno, e onde aprendeu moito de letras e de actores...



por iso lle gustaba escribir e ensinar teatro para nenos.

Ricardo, Corazón de Lapis, chamou o capitán e o soldado e alá foron os tres en busca do cofre que estaba no Jofre.

Nada máis chegar, as portas do Jofre abríronse para eles. Os tres amigos miraron cara á esquerda, cara á dereita, no escenario e ata nos cuartos de baño. Pero nada... non atopaban o cofre do Jofre...

De súpeto, un presentimento de Ricardo, Corazón de Lapis levounos ata o escuro soto do Jofre... e alí estaba o fermoso cofre....

—Miña naiciña querida, o tesouro! —dixeron o capitán e mais o soldado—: imos ser millonarios!!!!!



Con todo.... O cofre estaba tan pechado que non eran quen de abrilo.

O soldado e o capitán probaron tirando da tapa... Logo, coa forza dunha panca, co pau dunha vella vasoira e ata co lume dun chisqueiro, pero nada.

Ricardo, Corazón de Lapis, observaba.

—Ricardo! Que imos facer? —dixeron os dous homes—, non abre esta maldita caixa!

Ricardo gardou silencio, meteu a man no peto e cun movemento rápido o seu adentado e vello lapis abriu o cofre do tesouro...

Unha luz iluminou, de súpeto, todo o soto do Jofre, e centos de miles de letras encheron a

estancia, que digo a estancia, o teatro enteiro... as letras formaban fermosas palabras: *manteiga, adaxe, pendurar, maxia, cativo, morriña, beleza...* palabras marabillosas que formaban frases e fermosos contos e apaixonantes historias....

O capitán e o soldado abraiados dixeron:

—E este é o noso tesouro Ricardo?

E Ricardo espetoulles:

—Podemos ter xoias, moedas e ouro, pero se non temos fermosas palabras coas que falar e contar fermosas historias, non temos nada...

E así foi como Ricardo, Corazón de Lapis, o novo dono do cofre das fermosas palabras se fixo cabaleiro da orde das letras galegas...

//Afundación

Obra Social ABANCA

afundacion.org | Afundación | @Afundacion_org